

MEMORIA DESCRIPTIVA

Título do traballo presentado:

RECLAIMED URBAN LANDSCAPE

Autoras:

Rita Amigo Seisdedos
Mercedes Espiño Amil
Margarita Smyth Chamosa
Encarna Otero Cepeda

Centro:

IES EDUARDO PONDAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Sinopse do traballo:

En primeiro lugar, investigouse en Xeografía sobre os espazos recuperados para uso social en Santiago. Logo visítanse os espazos (xardíns, ríos, hortas) en Bioloxía e Ciencias Medioambientais. En Galego recóllese o léxico, elabórase a presentación, e en Inglés adáptase á lingua inglesa o texto e a presentación en power point.

Delimitación do campo de traballo:

3º ESO e 1º BACH
Materias: Inglés, Lingua Galega, Bioloxía, Xeografía

Categoría pola que se presenta:

2.- Profesorado que imparte docencia no curso 2009-10 nas etapas da ESO e/ou Bacharelato

Modalidade pola que se presenta:

- A. Fomento do plurilingüismo: materiais ou ferramentas dirixidos á potenciación de linguas estranxeiras, á aprendizaxe dunha segunda lingua en calquera área ou materia do currículo con base en metodoloxías CLIL, con utilización das TIC.

GUÍA DIDÁCTICA

XUSTIFICACIÓN

Sendo conscientes de que o ensino-aprendizaxe precisa ser práctico e atractivo para o alumnado, e que é moi enriquecedora a interacción en diferentes materias, pareceunos moi interesante organizar actividades que unisen diversas materias, á vez que fomentasen o plurilingüismo.

Coñecedoras do labor que se tenta facer desde o Concello de Santiago para a recuperación de espazos urbanos para uso social, as catro profesoras implicadas (especialistas de Bioloxía e Ciencias Medioambientais, Xeografía e Historia, Lingua Inglesa e Lingua Galega) precisabamos un elo común que unise os contidos das nosas materias, e que resultase atractivo e á vez educativo para os nosos alumnos e alumnas. De aí xurdiu a idea de estudar os espazos urbanos recuperados en Santiago de Compostela, centrando o proxecto en dúas etapas educativas, ESO e Bacharelato. As materias vehiculares foron as de Ciencias de 3º de ESO, Xeografía de 3º de Eso, Ciencias Medioambientais en 1º BACH. O traballo fomentou o plurilingüismo entre os nosos alumnos e alumnas, pois as linguas utilizadas foron a lingua propia, o galego, e unha lingua estranxeira, o inglés.

OBXECTIVOS

- 1.- Aprender inglés dunha maneira diferente (CLIL) e fóra das aulas.
- 2.- Aprender a respectar e a valorar os espazos urbanos recuperados.
- 3.- Interactuar cunha lingua estranxeira no coñecemento da súa cidade (CLIL).
- 4.- Utilizar as TIC como ferramenta na aprendizaxe.

CONTIDOS

O traballo versou sobre os “Espazos urbanos recuperados no Concello de Santiago de Compostela, centrándonos en ríos, xardíns, lugares de usos varios, curtidurías, hortas para cultivar e carballeiras.

Os Ríos sobre os que se investigou foron o Ríos Sarela e o Río Sar, seguindo a repichoca popular de

“Moi mollada tes que estare,
Santiago de Compostela,
por un lado tes o Sare,
polo outro o Sarela”

Os obxectivos deste apartado foron:

- 1.- comprobar a mellora da transitabilidade nas ribeiras dos ríos Sar e Sarela e dar a coñecer a vida que houbo alí: antigos muíños, curtidurías e lavadeiros.
- 2.- comprobar o aumento do contacto dos cidadáns cos ríos e co seu patrimonio (hai moita xente paseando por alí habitualmente)
- 3.- coñecer os paseos habilitados polo bordo do río e as áreas de lecer e comprobar como se limparon e desbrozaron as ribeiras.

4.- comprobar como se retiraron os obstáculos do leito dos ríos (truncos, pólas de árbores, lixo, entullo) para facilitar a circulación da auga.
Tamén se visitou un tramo do río Sar en Conxo sen limpar e sen desbrozar.

Os Xardíns visitados foron a Granxa do Xesto, a Selva Negra e o Parque da Almáciga.

A Granxa do Xesto son 82.000 metros cadrados na aba do Monte Pedroso. É un parque entre un parque convencional e un monte mixto. Fixéronse camiños peonís e de bicis, e colocáronse mesas e bancos.

Comprobouse a flora existente: castiñeiros, carballos, bidueiros, piñeiros, xestas, queiroas, rosa silvestre, espiño, érbedo, abeleira.

Moi bonitas e atractivas resultan as lagoas artificiais que se foron naturalizando e ás que se foron incorporando plantas e animais propios deste medio.

O parque do Monte da Almáciga está conformado sobre o monte da Almáciga cunha perspectiva única da cidade. A flora existente son moreiras, magnolios, piñeiro de Oregón e cedro do Himalaia entre outras. Tamén hai un estanque con diferentes especies de plantas.

De usos varios encontramos o PARQUE DE VISTA ALEGRE ou ANTIGA FINCA SIMEÓN.

O PARQUE DE VISTA ALEGRE foi antigamente a horta da Finca Simeón, polo que as árbores do parque son froiteiras: pereiras, maceiras, laranxeiras, aínda que tamén as hai ornamentais como camelios, palmeiras..

A vella casa colonial transformouse para residencia dos profesores visitantes da USC: Casa Europa. Hai edificios novos, xa que se edificou e inaugurou a Escola de Altos Estudos Musicais neste século XXI. Nese mesmo espazo construíuse a sede do SGAE (Sociedad General de Autores e Editores), para exposicións, conferencias, cine, representacións teatrais... Estase a levantar agora o Centro de Estudos Avanzados da Universidade de Santiago.

As Curtidurías principais recuperadas son a de Vidán, onde está o Hotel Brandía e a de Belvís, onde se vai construír o futuro Centro de Interpretación Ambiental. Quedan algunhas sen recuperar como a de Pontepedriña de Arriba, onde estaba prevista a edificación de vivendas.

En Ponte Sarela rehabilitouse unha vella curtiduría con usos residenciais, museísticos e hoteleiros.

As Hortas municipais de cultivo están situadas en Belvís e nelas preténdense obxectivos como o fomento da relación dos cidadáns coa natureza. Vai dirixido a xubilados, prexubilados e cidadáns en xeral. As hortas serven de entretemento e ocio relacionado coa terra. Neste momento son 29 parcelas identificadas, de 60 metros cadrados cada unha.

Preténdese a promoción dunha explotación hortícola mediante prácticas agrícolas ecolóxicas ou tradicionais. Hai nelas un espazo de usos comúns con aseos, vestiarios, ferramentas para traballar a terra, regadeiras, auga para regar, mesas, bancos e un taboleiro de anuncios. Tamén nas Hortas de Belvís hai un horto para uso común e experimental e un xardín con plantas aromáticas.

Os **cultivos** principais podemos dividilos en:

- Polos seus **talos**: cenoiras, remolacha de mesa, pataca, allo, cebola.

- Polas súas **follas**: repolo, grelo, leituga, escarola, espinaca, acelga
- Polas súas **inflorescencias**: brócoli, coliflor
- Polos seus **froitos ou sementes**: tomate, pemento, berenxena, cabaciña, cabaza, feixón, faba, chícharo
- Plantas **aromáticas e condimentarias**: albaca, hortelá, ourego, perexil, salvia, tomiño, lavanda, abrótno femia, menta, melisa, romeu.

Contémplanse novos proxectos de novas hortas co obxectivo de poñer o espazo público ao servizo dos veciños, agricultores a tempo parcial, asociacións, persoas maiores, escolas, mercados. Estas novas hortas serán nos seguintes espazos:

- **Brañas de Sar**: contempladas xa no último Plan Xeral aprobado. Situadas á beira do Multiusos de Sar, na beira do propio río Sar. O deseño será similar ao de Belvís. Prevese o seu funcionamento para o ano 2012 ou 2013.
- **As Hortas**: superficie privada detrás do Pazo de Raxoi, que goza de réxime de protección especial desde 1941, polo que os terreos colindantes só poderían ter uso agrícola. Prevese que funcionen en 2012.

As carballeiras foron espazos moi importantes de uso tradicional, por iso é moi interesante a súa recuperación, no concello de Compostela recuperouse a antiga carballeira de Nemenzo, situada ao norte do Concello de Santiago. Son 7.450 metros cadrados, beirados por un regato. As especies arbóreas existentes son carballos, acivros, loureiros, bidueiros, sanguinas, especies arbustivas e herbáceas. Tamén se restauraron de camiños, colocáronse mesas, bancos rústicos e papeleiras.

Os contidos foron diferentes segundo as materias coas que se traballou:

Xeografía: entre outros contidos, traballouse no aprendizaje dos diferentes espazos que formaban a cidade de Santiago, o coñecemento dos ríos da cidade, dos traballos que se realizaban (grande parte das mulleres eran lavandeiras e había moitos lavadoiros no Sarela), as curtidurías, os muíños, as fontes que abastecían de auga aos arredores, o antigo mosteiro de San Lourenzo.... As casas dos indianos e a importancia do retorno dos emigrantes con cartos (Finca de Vista Alegre, etc...)

Bioloxía e Ciencias Medioambientais: coñecemento de diferentes tipos de bosque (bosques húmidos, bosques de ribeira); árbores (ameneiros, loureiros, salgueiros, acivros, fentos, carballeiras, plantas herbáceas), coñecemento de diferentes cultivos (cenoiras, remolacha, pataca, allo, cebola, repolo, grelo, leituga, escarola, espinaca, acelga, brócoli, coliflor, berenxena, cabaciña, cabaza, feixón, faba, chícharo), cultivo de plantas **aromáticas e condimentarias**: albahaca, hortelá, ourego, perexil, salvia, tomiño, lavanda, abrótno femia, menta, melisa, romeu).

Lingua Galega: por ser a lingua vehicular inicial do traballo, incidiuse no estudo do léxico relativo tanto a oficios, como a plantas, árbores e cultivos, etc...

Lingua Inglesa: estudo de diferente léxico referido aos coñecementos das outras materias implicadas. Houbo que resumir, redactar e traballar coa comprensión oral e coa expresión escrita, adaptando aos dous niveis participantes (3º ESO e 1º BACH) o léxico e as estruturas das oracións. Traballouse especialmente a correcta pronuncia das novas adquisicións léxicas, a redacción de sinxelas frases e cabeceiras en inglés, e a escrita.

METODOLOXIA

A metodoloxía utilizada primou a praxe sobre a teoría. Para coñecer todos os espazos recuperados houbo que consultar prensa, internet, empregar a oralidade, preguntando na casa, recoller folletos informativos e realizar unha escolma do que interesaba visitar e estudar.

As visitas aos espazos recuperados permitiron un estudo práctico e en profundidade dos lugares: muíños, lavadoiros, bosques, árbores, curtidurías, cultivos nas hortas de Belvís... Aprendéronse nas visitas contidos curriculares, conceptos e léxico, aínda que sempre había alguén que coñecía algunha das cousas que se visitaban. O método propedéutico propiciou o recoñecemento de plantas e cultivos que parecían descoñecidos.

A algúns alumnos (1º de Bacharelato) ofrecéuselles a posibilidade de realizar este traballo fóra do horario lectivo, como unha actividade opcional e complementaria. En cambio, o alumnado participante de 3º de ESO realizou as súas visitas en horario escolar. Aínda así, houbo un grupo de alumnas de 3º de ESO que participou fóra do horario escolar na elaboración do traballo en inglés.

As saídas programadas realizáronse algunhas como actividades complementarias (por exemplo o percorrido do río Sarela). Outras visitas foron opcionais e voluntarias para o alumnado participante.

TEMPORALIZACIÓN

Primeiro trimestre:

Organización do traballo por parte das profesoras implicadas. Propostas de actividades e deseño do que se pretendía facer.

Preparación de visitas aos diferentes espazos.

Proposta de traballo ao alumnado e realización de certas actividades.

Segundo trimestre:

Realización de algunhas das actividades fóra do horario lectivo.

Inglés, traballo sobre léxico e pronunciación, consultando dicionarios, internet...

Realización da presentación en diapositivas.

Terceiro trimestre

Co motivo dun intercambio coa Escola Secundaria de Santa María da Feira, de Portugal, as alumnas de 1º de Bacharelato que participaron neste proxecto de “Reclaimed urban landscape”, expuxeron en inglés o traballo realizado, usando o power point como soporte, para mostrarlles aos seus correspondentes portugueses unha visión diferente de Compostela.

ORGANIZACION DE ESPAZOS E TEMPOS

Algunhas actividades leváronse a cabo na aula, por implicar a todo o alumnado dun grupo de 3º da ESO (materias de Xeografía e Bioloxía). Outras actividades foron realizadas nos recreos ou nas tardes dos mércores, por non estaren implicados todos os alumnos da aula na súa realización. As profesoras implicadas intentamos ter rematado o

proxecto no segundo trimestre, antes das vacacións de Semana Santa, por sermos conscientes de que as actividades extraescolares ou complementarias no último trimestre entorpecen o labor docente. Aínda así, a exposición pública do traballo celebrouse a finais de maio, por ser esa a data de chegada dos alumnos e profesores do centro portugués.

Consideramos que os traballos extraescolares ou complementarios ao currículo escolar non deben ocupar demasiado tempo nin ser demasiado longos para manter o interese, a atención e a participación voluntaria dos alumnos/as.

ACTIVIDADES

- 1.- Percorrido en outubro de 2009 polo río Sar en Conxo, para observar un tramo do río sen recuperar, cheo de lixo e de entullo. Visita feita un sábado pola mañá, fóra do horario lectivo, con alumnas de 1º de BACH.
- 2.- Percorrido polo río Sarela con todos os alumnos e alumnas do grupo 3º S da ESO, realizado como unha actividade complementaria dentro do horario lectivo.
- 3.- Percorrido polas Hortas de Belvís, o Parque do Monte da Almaciga, con alumnas voluntarias de 1º de Bach, pola tarde, fóra do horario lectivo.
- 4.- Percorrido pola Granxa do Xesto, e pola Finca Vista Alegre (antiga Finca Simeón), con alumnas voluntarias de 1º de Bach, pola tarde, fóra do horario lectivo.
- 5.- Percorrido pola Carballeira de Nemenzo con alumnos/as de 3º ESO voluntarios fóra do horario lectivo.
- 6.- Selección das fotos realizadas coas cámaras dixitais nas saídas levadas a cabo, nos recreos.
- 7.- Reunións pola tarde para preparar a presentación en inglés.
- 8.- Montaxe da presentación en power point na aula de informática do centro nos recreos.
- 9.- Exposición pública no salón de actos do centro nos actos de acollida e recepción dos alumnos do intercambio coa Escola Secundaria de Santa María da Feira.

PLAN DE AVALIACIÓN (INDICADORES E INCIDENCIAS NA PRÁCTICA EDUCATIVA)

En primeiro lugar, fomos facendo unha avaliación do progreso dos alumnos, analizando as súas destrezas, por exemplo o coñecemento do medio, do vocabulario, das árbores, dos cultivos, da arquitectura, etc....

As profesoras participantes avaliamos o traballo tendo en conta as tarefas elaboradas, a participación e implicación do alumnado e os resultados obtidos.

Así mesmo, conscientes de que era unha nova experiencia no centro, queríamos saber a opinión dos alumnos e, a través dun inquérito, descubrimos que eles estaban moi contentos coa súa participación, que o pasaran moi ben nas saídas, e que entre eles se estableceran vínculos especiais, á vez que se mostraron moi satisfeitos do que aprenderan en inglés. As alumnas de 1º de Bach que fixeron a exposición do traballo en público estaban moi orgullosas de teren sido capaces de falar en inglés diante de alumnos e diante de profesores, ben do seu propio centro, ben do centro visitante,

percibindo que non había barreiras lingüísticas ao utilizaren a lingua estranxeira como vehículo de expresión en público, e podéndose explicar con fluidez.

Consideramos que o traballo en conxunto, o saír fóra do centro, a participación e interese do alumnado resultou unha experiencia gratificante.

MECANISMOS PARA A COORDENACIÓN

A coordinadora do traballo, Rita Amigo, convocou varias reunións para debater as liñas a seguir na elaboración do proxecto. Nesas xuntanzas, deseñáronse liñas comúns de traballo nas diferentes materias, pero tamén cada profesora expoñía os obxectivos que pretendía conquistar. Houbo un diálogo fluído, enriquecedor e participativo que pensamos continuar neste curso con outros proxectos, debido ao alto grao de satisfacción que nos proporcionaron os alumnos e alumnas participantes.